



INSTRUCCIÓN 3/2017 DO 31 DE XANEIRO, DA SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES RELATIVA Á DATA DE FINALIZACIÓN DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLA RESOLUCIÓN DO 14 DE AGOSTO DE 2014 AOS PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DESENVOLVIDOS POR INVESTIGADORES EMERXENTES AO ABEIRO DA ORDE DO 4 DE ABRIL DE 2014. (DOG Nº 72, DO 14 DE ABRIL DE 2014)

A Orde do 4 de abril de 2014 (DOG Núm. 72, do 14 de abril 2014) establece as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes do Sistema universitario de Galicia e procede á súa convocatoria para o ano 2014.

O artigo 3 da citada orde regula a contía e conceptos subvencionables destas axudas, establecendo que os proxectos terán unha duración máxima de 3 anos (catro anualidades), contados desde o momento da solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes, segundo establece o artigo 4 da Orde do 4 de abril de 2014, foi dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación desta orde no DOG. É dicir, iniciouse o 15 de abril de 2014 e rematou o 15 de maio de 2014.

A Resolución de 14 de agosto de 2014 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde de 4 de abril de 2014 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes e se procede a súa convocatoria para o ano 2014 (DOG Nº 161, do 26 de agosto de 2014), establece no apartado primeiro a duración máxima dos proxectos concedidos que en ningún terán unha vixencia superior ao 14 de maio de 2017.

No artigo 9 da orde reguladora e no artigo primeiro da Resolución do 14 de agosto de 2014 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde do 4 de abril de 2014, establécense o 30 de novembro do exercicio correspondente a data límite para a presentación da documentación xustificativa para poder proceder ao libramento dos fondos.

De acordo co Decreto 135/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e complementariedade das capacidades investigadoras do Sistema Universitario de Galicia, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que estableza o Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

En consecuencia, no uso das competencias que teño atribuídas como Secretario Xeral de Universidades, dito a seguinte instrución:



1. A data máxima de finalización das axudas concedidas polo artigo primeiro da Resolución do 14 de agosto de 2014 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde do 4 de abril de 2014 aos proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes é o 14 de maio de 2017, polo que unicamente se admitiran gastos realizados ata esa data.

2. A data límite para presentar a documentación xustificativa é o 30 de novembro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate; a universidade correspondente remitirá certificación que exprese a realización do gasto e do pagamento (a data límite será a mesma que para presentar a documentación xustificativa), de acordo co establecido no artigo terceiro da Resolución do 14 de agosto de 2014 pola que se conceden as axudas convocadas pola Orde do 4 de abril de 2014.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro